

Predela para “Fendas nas cores”, de Alfonso Soliño Troncoso

DEMETRIO LÓPEZ GARRIDO

Para Mati Alonso, a miña fiel lectora

Unha cor debuxa dúas franxas límpidas sobre o cristal
A néboca levantou xa os camiños de ferro
No vasto esteiro da noite

Unha luz fixase no fondo dos ollos que eu amo
A cobra de fume deslízase entre a chuvia
No vasto esteiro da noite

Un sonido purísimo elévase a través do silencio
As flores do toxo crécenlle xa na gorxa
No vasto esteiro da noite

Abertas as contras de par en par atenden
Acoste nai e descanse
No vasto esteiro da noite

